

Arbitraxe Campionatos Galegos por equipos de Club 2026.

Xadrez Lóstrego e Xadrez Rápido

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitro nos Campionatos Galegos por equipos de Club 2026 (Xadrez Lóstrego e Xadrez Rápido), que se celebrarán no Hotel Scala de Padrón (A Coruña) o 16 e 17 de Maio de 2026, respectivamente.

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal e un árbitro adxunto para as dúas modalidades:

MODALIDADE	ENTRADA	SAÍDA	HONORARIOS
Xadrez Lóstrego (16 Maio 2026)	15 Maio ás 18:00 h.	17 Maio pola tarde	Árbitro Principal: 300 euros (*)
Xadrez Rápido (17 Maio 2026)			Árbitro Adxunto: 200 euros (*)

(*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente (15%).

(*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

Haberá un segundo árbitro adxunto sempre e cando se superen os 25 equipos/modalidade.

Titulación requirida:

- Para árbitro Principal: Árbitro Autonómico ou superior, xa que o torneo de modalidade Rápido será válido para elo Fide.
- Para árbitro Adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata **o Xoves, 23 de Abril de 2026 (incluído)**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por mail (fegaxa@fegaxa.org), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información.

Para poder solicitar o arbitraxe hai que ter abonada a licenza correspondente antes da publicación desta convocatoria ([Circular FEGAXA01/2026](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados será: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

Vigo, 16 de Abril de 2026.